

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 24/02/2022 e que literalmente transcrito di:

“No BOP número 52 de data 15/03/2019 publicase o Regulamento para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol.

No artigo 2 establécese que:

2.3. Para poder ser incluídas nas listas as persoas interesadas terán que reunir os requisitos que para cada escala, subescala, clase ou categoría se recollen na normativa vixente e presentar a súa solicitude no prazo que se establece para o efecto que será do 1 ao 31 de xaneiro cada dous anos naturais (bianualmente).

Así mesmo o artigo 4 do Regulamento recolle que rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente na materia aprobará unha listaxe provisional por cada unha das categorías, ordeando a mesma segundo prelación da puntuación total do currículo autobareado aportado por cada aspirante para cada categoría á que opta. Nesta listaxe provisional aparecerán tamén os aspirantes excluídos, con indicación dos motivos de exclusión, e serán publicadas no taboleiro de edictos da Casa do Concello e complementariamente na web municipal, determinándose na mesma un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicidade, para subsanación/enmenda da documentación requirida.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Estatística, Turismo e Edusi a adopción da seguinte resolución:

Primeira.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos/as na categoría de **ENXEÑEIRO/A TECNICO/A TOPOGRAFO/A** que é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
CASAL FREIRE, ALEJANDRO	***3607**	5,1
CASTAÑO DOMINGUEZ, VICTOR	***7569**	4,5
JUSTO GODAY, M ^a ELENA	***9262**	7,5
RODRIGUEZ PORTA, PAULA	***8684**	6,05

Segunda.- Outogar ao persoal aspirante un prazo de 10 días para a subsanación/enmenda da súa solicitude.

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral